

## MODELO SOGAMA

### DATOS XESTIÓN RESIDUOS MUNICIPAIS 2022

O modelo Sogama susténtase na aplicación prioritaria do principio dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe), que complementa coa recuperación enerxética da parte non reciclable.

A súa xestión céntrase en tres fraccións de refugallos:

- Bolsa amarela, é dicir, os envases de plástico, latas e briks recollidos a través do contedor amarelo, que separa por tipoloxías na súa planta de clasificación para remitir aos correspondentes centros recicladores.
- Bolsa marrón, isto é, a materia orgánica recollida de forma diferenciada a través do contedor marrón, transformándoa en compost.
- Bolsa negra, conformada polo residuo convencional depositado pola cidadanía nos contedores xenéricos (fracción resto), do que recupera a parte susceptible de ser reciclada (vidro, papel/cartón, diferentes tipos de plásticos, briks, etc), e somete a valorización enerxética o resto, recuperando, con todas as garantías ambientais, a enerxía contida nos refugallos que, doutro xeito, acabaría enterrados en vertedoiro.

Datos Ano 2022:

OPERACIÓN	TONELADAS
Reciclaxe	171.118
Compostaxe	3.642
Valorización enerxética	557.799
Vertedoiro (residuos directos)	2.016
Vertedoiro (rexeitamentos do CMC)	187.921

## Xestión Residuos Municipais modelo Sogama 2022

